

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 19 DE DECEMBRO DE 2019.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20 horas e catro minutos do día dezanove de decembro de 2019 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Don César Manuel Fernández Gil (PP), coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D^a. CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO (PSOE) .
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ (RBC)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

ASISTEN O SECRETARIO, FRANCISCO GASPAR FERNÁNDEZ CASTRO E O INTERVENTOR, DON VICENTE SOTO RODRÍGUEZ.

Alcalde.- Boa tarde a todas e todos, imos dar comenzo a sesión ordinaria do pleno do concello de 19 de decembro de 2019..

1. APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS, QUE FORON A DO 31 DE OUTUBRO DE 2019 (ORDINARIA) .

Fica aprobada.

2. DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 08 de novembro, unha, sobre xustificación subvención.

Do 22 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 25 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 26 de novembro; catro; dúas sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre reclamación IAE; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de novembro; nove; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre baixa na taxa recollida lixo; dúas, sobre exenc. IVTM; unha, sobre compensación período vacacións; unha, sobre exp. tarxeta estacionamento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras, unha, sobre aboamentos.

Do 28 de novembro; doce; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre bonificación IVTM; catro; sobre baixas de oficio no Padrón Habitantes; unha, sobre delegación competencias; dúas, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de novembro; cinco; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre exenc. IVTM; unha, sobre reclamación entrada vehículos; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de decembro; seis; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre enterramento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de decembro; sete; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre fracc. débeda; unha, sobre liquidación taxa serv. extinción incendios; unha sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre remisión documentación ao Xulgado; unha, sobre concesión asuntos propios; unha, sobre concesión vacacións.

Do 04 de decembro; tres; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión vacacións unha, sobre aboamentos.

Do 05 de decembro; tres; dúas, sobre bonificación IVTM; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de decembro; catro; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 10 de decembro; catro; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre aboamentos.

Do 11 de decembro; seis; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; tres, sobre bonificación IVTM; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de decembro; sete; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre aprobación lista provisoria prazas policía local; unha, sobre enterramento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre ocupación vía pública.

Do 13 de decembro; unha, sobre concesión vacacións.

Do 16 de decembro; dúas; sobre altas no Padrón Habitantes.

Do 17 de decembro; unha, sobre concesión vacacións.

3.- MOCIÓN BNG A PROL DA NON AMORTIZACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO NO MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA.

A Consellería de Cultura ven de dar conta á Comisión de Persoal da supresión de 3 postos de traballo no Museo Etnolóxico de Ribadavia (MER) pola vía da amortización de prazas, que xunto con outras dúas prazas anteriormente amortizadas, fan un total de 5 postos de traballo menos respecto da dotación que o MER tiña.

As tres prazas que perde o Museo Etnolóxico de Ribadavia son unha de “vixiante”, unha de “vixiante de arquivos, bibliotecas e museos” e unha de “técnico medio de museos” que pasará a prestar servizos no Museo do Viño. Recentemente aberto na Rectoral de Santo André, o Museo do Viño vai funcionar carecendo de dirección xa que o director do Museo Etnolóxico vai ter que asumir as tarefas de “coordinación da dirección do Museo do Viño de Galicia”, que vai permanecer claramente infradotado de persoal (1 técnico medio de museos e 3 subalternos).

O Museo Etnolóxico ven realizando unha encomiable actividade de dinamización cultural cun enorme impacto positivo en Ribadavia e na comarca do Ribeiro: arquivo documental e fotográfico, biblioteca, exposicións, conmemoracións culturais, colaboración con eventos culturais e festivos, conferencias científicas e divulgativas, presentacións de libros, concertos, ciclos cinematográficos e documentais que permanentemente son celebrados no Museo Etnolóxico dan boa conta da implicación desta institución e o seu persoal.

É tamén convinte suliñar a estreita colaboración co entorno social que se ven facendo dende o Museo, coorganizando e acollendo numerosas actividades con asociacións e colectivos culturais da nosa vila, en especial a través do productivo traballo que se desenvolve man a man coa Asociación de Amigos do Museo Etnolóxico e Casco Histórico de Ribadavia (AMECHIR), polo que o mantemento dos recursos humanos con que con o MER é fundamental para a dinamización cultural da comarca do Ribeiro.

Por todo elo, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Demandar da Consellería de Cultura o mantemento das prazas recollidas na relación de postos de traballo para o Museo Etnolóxico de Ribadavia e que ditas prazas sexan efectivamente cubertas.**
- 2. O remate do plan director do Museo Etnolóxico.**
- 3. A dotación do Museo do Viño de Galicia con persoal propio e suficiente, empezando por unha dirección propia.**

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Boa tarde a todos e todas. Esta moción nos parece importante, a actuación da Xunta conleva a supresión de tres prazas, xa anteriormente se amortizaron dúas. Son dúas prazas de vixiante e outra de técnico medio. O Museo do Viño está infradotado de persoal. A xente que traballa no museo etnolóxico vai máis alá das súas obrigas, realiza unha actividade de dinamización

cultural de gran impacto: concertos, películas, charlas, etcétera... Ten un efecto moi positivo e moi importante na sociedade ribadaviense. O que demandamos da Consellería de Cultura é o mantemento das prazas.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Boa tarde a todos e a todas e aos que nos seguen telemáticamente. Ogallá que o pleno desperte expectación nos domicilios, senón sería un problema para a sociedade e nos teríamos que facer autocrítica.

Coincidimos ao 100% coa exposición de motivos e a proposta de acordo da moción. É a crónica dunha morte anunciada. O Museo leva moitos anos con prazas amortizadas e sen cubrir. A xestión corresponde á xunta de Galicia.

A actividade do Museo vai máis alá da súa obriga, realiza unha gran actividade cultural. A xestión dos dirixentes en Santiago é mala; entronca coa idea de Feijoo para o Museo do Viño, encomendar a xestión a unha empresa privada. Tiran dos traballadores do Museo Etnolóxico para tapar os buratos da xestión privada. O Museo do Viño está sen rematar, falta o aparcadoiro; hai moitas eivas, se podían ter adquirido terreos arredor, non se fixo. Unha gran eiva é o aparcadoiro, non se poden traer autobuses, nin grupos grandes.

A moción é xusta, estamos a favor.

D^a Cristina Otero Alonso (PSOE).- Estamos a favor de que se manteñan os postos de traballo, importantes para o funcionamento do Museo. A xestión é da Xunta de Galicia, pero no que dependa do goberno central se farán as xestións necesarias.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- O voto do noso grupo sempre será a favor do que sexa reclamar servizos para os veciños e veciñas de Ribadavia.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Concordo plenamente co apuntado polo voceiro de RBC acerca do impacto do Museo e da implicación do seu persoal.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

4.-MOCIÓN BNG PARA UN SISTEMA DE FINANCIAMENTO SUFICIENTE PARA OS NÓSOS CONCELLOS.

As institucións locais galegas necesitan un novo o sistema de financiamento que recolla as demandas da propia Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) que considera que os actuais "criterios de reparto seguen a prexudicar dun xeito notable aos concellos galegos".

A Lei reguladora das Facendas Locais (RD 2/2004) é a base do sistema de financiamento local vixente. Segundo a FEGAMP, os últimos datos (exercicio de 2017) poñen de manifesto que os concellos galegos recibiron 204 € por habitante, fronte aos 257 de media na Participación de Ingresos do Estado (PIE). Sendo os concellos da Comunidade de Madrid os máis beneficiados polo actual sistema de financiamento local (354€)

Por riba, son os concellos máis pequenos os máis prexudicados, malia contar cunha poboación dispersa e envellecida. Segundo a FEGAMP, os que non chegan aos 5.000 habitantes son os que menos reciben.

Tendo en conta que Ribadavia recibe 200€ por habitante de PIE, estar na media estatal de ingresos representaría alomenos 250.000€ máis para o noso concello cada ano, cantidade próxima ao total de investimentos previstos para este ano.

Compre un novo sistema de financiamento que logre, en palabras da propia FEGAMP «corrixir a discriminación histórica que sofre Galicia».

Por todo elo, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar á FEGAMP a esixir do Goberno do Estado un novo sistema de financiamento local que atenda o custe de prestación dos servizos nas zonas rurais e recolla nos seus criterios a dispersión e o despoboamento como incentivos de financiamento municipal.

2. Instar ao Xunta de Galicia a que esixa un sistema de financiamento local que corrixa os prexudiciais criterios de reparto actuais.

3. Dar traslado do presente acordo aos demais concellos do Ribeiro e a FEGAMP.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- A Federación Galega de Municipios e Provincias considera que os actuais criterios de reparto de fondos perxudican gravemente aos concellos de Galicia. Estes criterios determinan que os municipios galegos perciban unha media de 204 euros por habitante, fronte aos 257 euros por habitante de media que perciben os concellos do resto do Estado. A percepción do concello de Ribadavia é de 200 euros por habitante. Se o concello de Ribadavia estíbese na media de percepción estatal percibiría 250.000 euros máis, esa cantidade supón o custe do alumeado público ou do Servizo de Deportes un ano completo. A carga fiscal recae na veciñanza, no ano 2010 a recadación do IBI en Ribadavia foi de 660.000 euros ; no ano 2020 se prevé unha recadación de 993.000 euros.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Moi de acordo coa Exposición de Motivos. Facer dúas ampliacións , o sistema de financiación de Galicia non é xusto, tería que ser máis integral. O sistema español lle da moitas competencias aos concellos e unha financiación precaria. As competencias obrigatorias dos concellos levan moito orzamento e se prestan máis servizos. Nos fondos que se distribúen a través de convenios, a relación do concello coa Deputación , a discrecionalidade empeza cos concellos en función de quen goberna, os representantes son lexítimos, en todo caso, porque foron elixidos pola cidadanía. A Deputación non se debe meter na financiación dos concellos, debería haber unha mención nese sentido.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Se expuseron os puntos de vista. Nos procuramos dicir o mesmo no goberno e na oposición. Nos parece perfecta a

moción do BNG. Nos, como partido representado na FEMP e na FEGAMP, os seus presidentes ten feito e farán as reclamacións pertinentes. Se precisa un sistema máis xusto. De acordo co que decía RBC. O 90% das transferencias do Estado son autonómicas, os gobernos autonómicos poden reclamarlle máis ao Estado. Non son xustos os cartos adicados á financiación dos concellos. As transferencias da Xunta aos concellos son sempre as mesmas. O 99% do financiamento das Deputacións ven do Estado. As Deputacións gobernadas polo PSOE en Galicia fan un reparto equitativo dos fondos en función de criterios de poboación, dispersión. En Lugo hai un reparto xusto, obxectivo. Non acontece en Ourense. Cando goberna o PP ven máis migazas ao ser colega o de turno. Se repartiron na Deputación once millóns de euros de maneira irregular. Apoiamos os puntos propostos por suposto. Pero o reparto da Deputación non é xusto. Habería que engadir " Esixirlle á Deputación de Ourense e a Xunta un reparto equitativo de fondos" Hai cero euros nos orzamentos da Xunta para Ribadavia. Logo se poden facer convenios como o da Casa da Cultura, que non se obtiña por concorrencia competitiva.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Coa moción do BNG na man estamos de acordo nos tres puntos, pouco máis hai que decir.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Hai unha proposta de engadega do portavoz do PSOE.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Xa trouxemos unha moción sobre o reparto de fondos na Deputación. Para Ribadavia hai orzamentados cero euros nos orzamentos da Xunta e da Deputación. Agradecer ós grupos o seu apoio. Todos os concellos de Galicia están pasando por un momento económico difícil, pedir que o financiamento dos mesmos sexa real.

Alcalde.- Respecto ao orzamento da Xunta, convidamos a examinar a partida de Educación, Reforma, ampliación e mellora de Centros Educativos, hai orzamentados 955.000 euros para a reforma integral do IES Abrente. Rogaría que se concrete os termos exactos da engadega a moción.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- " Que o reparto da financiación da Xunta e da Deputación de Ourense aos concellos sexa xusto e equitativo, nomeadamente co concello de Ribadavia

Medo me da a reforma do IES e das escolas o que sufrimos despois. A matrícula do IES tivo moito baixón. Estas cantidades se orzamentaron os dous anos anteriores e non se executaron. Falamos das aportacións aos concellos, non en materias de competencias directas da Xunta. Nos servizos básicos do concello non hai nin unha soa inversión; para a terceira fase do Parque Empresarial non hai un só euro.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

5.- MOCIÓN RBC PARA QUE A XUNTA DE GALICIA REALICE UN PLAN DE INVESTIMENTOS PARA TODA A COMARCA DO RIBEIRO, NA MESMA LIÑA DO ANUNCIADO PLAN DA RIBEIRA SACRA.

Exposición de Motivos

O recente anuncio por parte da Xunta de Galicia da aprobación dun Plan de investimentos para comarca da Ribeira Sacra, cuxa xustificación versan nunha candidatura á UNESCO de paisaxe cultural desta comarca, lévanos á cidadanía ribeirá e ribadaviense a crer que a nosa comarca dispón de cando menos as mesmas potencialidades, necesidades e recursos que a motivación contemplada por parte da Xunta de Galicia.

Aínda non dispoñendo a comarca do Ribeiro de ningunha candidatura á UNESCO, a nosa comarca e o

noso municipio ten necesidades imprescindibles que levan demasiado tempo desatendidas por parte das autoridades políticas da Xunta de Galicia. A nosa cidadanía non debera térselle que esixir ningunha candidatura á UNESCO para poder ser beneficiada polos investimentos públicos da Xunta de Galicia e do goberno galego.

Nada máis lonxe da nosa necesidade sería reproducir e copiar os contidos e obxectivos fixados no Plan da Ribeira Sacra, aínda menos as súas limitacións e imposicións. O que si queremos e debemos reproducir e trasladar a nosa comarca e municipio é o nivel de investimentos e de detalle no desenvolvemento e protección patrimonial, enolóxico e cultural nun territorio como é o Ribeiro e Ribadavia que nada ten que envexarlle á Ribeira Sacra, mais ben ao contrario.

Ribeiro en Común considera que os Concellos do Ribeiro, asociacións, e cidadanía ribeirá debe poñerse en marcha na reclamación e reivindicación dos investimentos en infraestruturas e recursos de desenvolvemento comarcal.

Esiximos un PLAN RIBEIRO de investimentos que a Xunta de Galicia, Deputación e Estado deban recibir con partidas públicas de investimentos para a nosa comarca fronte ao maltrato e abandono institucional por parte de moitas Administracións.

2.1 En palabras recollidas na súa presentación oficial, o Conselleiro de Cultura da Xunta afirmaba que “o Plan Ribeira Sacra centrase na protección, a promoción e a coordinación das inversións para esta zona e supón unha oportunidade para su protección, a mellora continua e a promoción”.

Nós entendemos que o Ribeiro non merece menos que a Ribeira Sacra ou que calquera outro territorio galego.

PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN:

- 1. Que o Concello de Ribadavia reclame da Xunta de Galicia un Plan de investimentos para Ribadavia e para toda a comarca do Ribeiro, na mesma liña do anunciado “Plan Ribeira Sacra”.**
- 2. Que se lle dea traslado deste acordo a todos os Concellos da comarca do Ribeiro para que se sumen a este acordo e petición para a comarca do Ribeiro.**
- 3. Que se lle dea traslado deste acordo á Xunta de Galicia, á Consellaría de Cultura e Turismo, á Dirección xeral de Patrimonio Cultural, Delegación do goberno do Estado, e á Deputación provincial de Ourense para que se sumen a este acordo e petición para a comarca do Ribeiro.**

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Esta moción é para traer ao pleno algo que se debía debatir hoxe e aquí, e que se sabe fai varios meses. RBC fixo propostas para o orzamento de 2020. O goberno retira o luns o documento do orzamento de 2020, que se estaba anunciado que se ía a debatir hoxe. É unha vergoña. Reconozco que as conversas sobre o documento foron cordiais, pero non

compartimos nada dos seis meses de xestión do goberno. Hoxe o pleno tiña que falar dos orzamentos, que son o núcleo dun programa de goberno. Este tirapuxas non favorece a gobernabilidade do concello. É paradóxico que o dezasete de setembro no Parlamento de Santiago se aproba un orzamento cun agravio importante para Ribadavia; non hai goberno amigo en Santiago, cero euros para os veciños de Ribadavia. Os problemas de Ribadavia van a seguir pese ao millón de euros para o IES Abrente. Se fose para promover emprego ou a implantación empresarial podía ser distinto. Se venden grandes investimentos e logo se orzamentan cero euros.

O goberno municipal non interpela ó Sergas para que haxa un profesional en pediatría. Investimentos imprescindibles para asentar poboación non hai. Mobles para a Galiña Azul, pero non arranxar os problemas da mesma. O que poderíamos facer os ribadavienses cun millón de euros. ¿Quen pediu un millón de euros para o IES Abrente con todas as necesidades que temos? Todos queremos o mellor para Ribadavia, e hai que quedar mal cos de arriba se é necesario, ese é o peso da cadeira de alcalde.

Nos hoxe presentamos un documento pedindo medidas, é case un decálogo de goberno, de medidas urxentes. Un goberno non pode arreglar un municipio en seis meses, pero hai que poñer as bases. Fixo todo o contrario do que se lle pide a un goberno. Non podemos apoiar os orzamentos, son un brindis ao sol. Se nos menosprecia ó pleno retirando os orzamentos. É indignante que o mal chamado goberno galego anunciaba o Plan Ribeira Sacra, como se pode facer ese acto de propaganda e discrecionalidade, co tratamento que en décadas se dispensou a nosa comarca. Ribadavia debe ser o capitalizador da comarca do Ribeiro. Hai un maltrato a comarca por Núñez Feijóo, menosprecio aos viticultores. Nunca se agruparon os servizos da comarca, se fomenta a competencia entre concellos. O único presidente da Xunta do PP que sabía que había comarcas e xente era Manuel Fraga, e é triste que o teña que dicir RBC. Núñez Feijóo fai bó a Manuel Fraga. ¿Por qué non se centralizan os servizos en Ribadavia? Agardamos que os demais concellos da comarca se unan neste tema goberne quen goberne en Santiago.

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- Totalmente de acordo, Ribadavia e o Ribeiro ten un potencial que debe ser posto en valor. Eses investimentos que se fagan realidade, non grandes plans nin grandes promesas. Que sirvan para asentar poboación. Concordamos en que o actual goberno municipal se implique. Que Ribadavia sexa un lugar para vivir sin ter que marchar.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Boas tardes a todos e todas. Compartimos plenamente o espírito da moción de RBC. Estas cuestións xa se lle pedían ao

actual alcalde cando era concelleiro e deputado e se escudaba en que non era a súa labor. Agora sí o é e non da chapa. Non ten proxecto de pobo. Eu era amigo de Xosé Cuiña , estaría orgulloso de verme sentado nesta bancada, xa que era un home galeguista e socialdemócrata. Él decía que cada pobo ten o que se merece, había un alcalde do PP que cando ía a Xunta non levaba ningún proxecto para Ribadavia. A terceira fase do Parque Empresarial se precisa. Hai un agravio , trinta millóns de euros para a Ribeira Sacra e non hai 500.000 euros para a terceira fase do Parque Empresarial. Venderon fume antes das eleccións e agora non hai nada. Teremos que tomar medidas para que este concello non se afunda.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Algúns pensan que estamos para perder o tempo. Levamos seis meses, o que non se fixo en dezaseis anos non se pode pretender que se faga en seis meses. Nos gustaría seis ou setenta millóns nos orzamentos da Xunta. Máis cedo que tarde se verán os resultados.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Todos poderíamos falar moito, pero me quero ceñir á moción. Podería estar unha hora falando dos orzamentos, pero no están na orde do día.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Estamos a favor, a moción está ben explicitada.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Os grupos temos a potestade de falar do que queremos. RBC se trae esta moción é polo seu traballo constante, e polas achegas que fixo ós orzamentos da Xunta. No pleno anterior se preguntou e o alcalde dixo que o goberno non presentou ningunha emenda parcial aos orzamentos. Non sei se o intentou, pero non conseguiu que se aceptase ningunha emenda. En seis meses non se poden pedir dez millóns de euros en inversións, pero sí sentar as bases. Para nós o principal é o Parque Empresarial ,pedimos un millón de euros; pedimos 100.000 para a sede do GES; 450.000 para instalacións deportivas; 50.000 euros para as Graveiras de San Cristovo e protección do sapoconcho; 250.000 para as beirarrúas de San Cristovo; saneamento de Santo André, A Grova, Sanín; mellora na OU-406 ao seu paso por San Paio 250.000 euros; melloras na ponte de San Francisco 250.000 euros; convenio para a ponte da Veronza 250.00 euros, reforma do Centro de saúde; creación do Centro de Día 500.000 euros todo rexeitado polo PP de Galicia.

RBC aposta polo mantemento do Centro de saúde nese edificio. Tamén presentamos unha emenda para incrementar a gardería. Eiquí hai un traballo e un interese. En seis meses se pode poñer a base de algo do que está eiquí. Afectan ao día a día da cidadanía que máis necesita. Non se intentou nada. Si

este goberno non quere traer os orzamentos, os demais grupos debemos buscar unha alternativa que dé estabilidade. Non vale a trampa de que estas melloras van a vir a través dos convenios. RBC sabe que na política e na vida hai que atenerse ao tanxible. Ribadavia e todos os concellos do Ribeiro ten que facer este esforzo reivindicativo. Nos somos de Ribadavia e do Ribeiro antes que de RBC.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

6.- MOCIÓN RBC, ABERTA A TODOS OS GRUPOS, EN DEFENSA DOS SERVIZOS DO HOSPITAL COMARCAL DE VERÍN , DO SERVIZO PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA E DO PAC COMARCAL DO RIBEIRO..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O artigo 43 da Constitución recolle o dereito á protección da saúde, indicando que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios. En Galicia, o Estatuto de Autonomía recolle no artigo 33 que corresponde a Galicia o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

A axeitada asistencia sanitaria é un servizo esencial que debe defenderse para que á veciñanza, tanto no rural ourensán como en todos os recunchos do país, se garanta a mesma atención tanto nos pobos, vilas como nas cidades.

A xerencia da EOXI de Ourense, anunciaba que a partir da data de 1 de decembro, se pecharía a unidade de partos deste centro. Así, o hospital de referencia para o parto das mulleres da comarca pasa a ser o de Ourense, mínimo a 70 quilómetros de distancia, incluso máis, dependendo do concello de residencia.

Alén doutras consideracións, consideramos o peche do paritorio como violencia institucional fronte as mulleres, porto que o parto incumbe só ás mulleres (ademais de ás súas crianzas) e supón indirectamente a perda da calidade asistencial nun momento tan delicado para nai e crianza como é o de parir, momento no que ambos poñen en risco as súas vidas.

A Xerencia xustifica dita decisión en informes técnicos, que a día de hoxe non foron ensinados nin ao persoal, pese a solicitálos, nin aos grupos da oposición no Parlamento de Galicia.

Son as autoridades sanitarias da Xunta as que prescinden destes servizos amparándose en razóns non contrastadas e que suporán o traslado a outros hospitais do persoal que atende o paritorio, aínda que o resto dos servizos asistenciais de atención á xestación queden no propio hospital de Verín.

Baséanse en interpretacións terxiversadas de recomendacións para pechar o paritorio cando non existe ningún documento nin evidencia científica que avale o peche dun servizo tal e como propoñen. Non parece de recibo que esta decisión non fose consultada coas mulleres ás que vai afectar e tampouco é aceptable o escaso marxe de tempo co que a xerencia comunicou a decisión ao persoal do Hospital. Tampouco é de recibo a supresión e non cobertura da praza de pediatría que impide o acompañamento das nais no momento do parto ata Ourense, posto que non hai agora mesmo ningún profesional pediátrico que nunha situación de emerxencia poda acompañar as crianzas, nin as súas nais, entre outras supresións de servizos.

Esta decisión de peche de servizos en comarcas rurais vai no senso contrario do equilibrio territorial e da blindaxe dos dereitos socio-sanitarios da poboación galega, viva onde viva. Tendo medios e tendo excelentes profesionais sanitarias, esta decisión só se entende cunha mentalidade de aforro de recursos sanitarios e concentración dos mesmos nos hospitais das cidades, seguindo a liña da Xunta nos últimos anos, que suprimiu as áreas sanitarias –como a de Verín–.

A Xunta debe explicar as razóns de dita decisión, así como as consecuencias socio-sanitarias que vai ter esta decisión para a Comarca de Monterrei, especialmente para as mulleres xestantes. Debe explicar tamén a Xunta as motivacións reais que amparan o sucesivo desmantelamento da Sanidade Pública e perda de servizos no medio rural que impide á poboación ter servizos de calidade preto das súas casas, cando na mesma medida pagan e contribúen cos mesmos impostos con independencia de onde vivan.

No último Pleno municipal, do mes de novembro, saía aprobada unha Moción de Ribeiro en Común e do grupo municipal do PSOE de Ribadavia na que os dous grupos instaban ao Goberno da Xunta de Galicia e aos SERGAS a que implemente unha política de reforzamento do servizo sanitario e dos seus profesionais no Centro de Saúde de Ribadavia e PAC comarcal, e sobre todo o reforzamento do servizo de pediatría e do servizo de psicoloxía do noso PAC.

Así mesmo, reclamábase nesta mesma Moción aprobada que o Concello de Ribadavia se implique na defensa do noso Centro de Saúde e dos seus profesionais, instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que traslade esta política de reforzamento do servizo sanitario e dos seus profesionais aos Orzamentos 2020.

De esta Moción xa aprobada no noso Concello, non lle constan a este grupos que o actual goberno municipal intercedera e actuara para que se levaran a cabo ditos acordos.

Por todo o exposto anteriormente, propoñemos ao Pleno municipal de Ribadavia aprobar os seguintes acordos:

- Instar á Xunta de Galicia a promover que a Consellería de Sanidade dote, manteña e mellore os servizos que se viñan prestando no Hospital Comarcal de Verín para garantir a calidade asistencial da veciñanza, nomeadamente dos servizos de paritorio, así como a actividade asistencial relacionada co embarazo, pre e post-parto.
- Instar á Xunta de Galicia a manter ás profesionais vinculadas á unidade de partos e ampliar os recursos humanos en enfermería obstétrico-xinecolóxica e enfermería pediátricas, así como de profesionais da medicina pediátrica.
- Instar á Deputación Provincial de Ourense a que reclame á Xunta e á Consellería de Sanidade o mantemento e mellora dos servizos que se viñan prestando no Hospital Comarcal de Verín e no PAC do Ribeiro garantindo a mesma calidade asistencial antes de ditos recortes.
- Dar traslado de ditos acordos a todos os concellos da Comarca do Ribeiro para reclamar a súa adhesión, e da Comarca de Monterrei.

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- Como xa se anuncio na Comisión Informativa ,esta moción está vinculada coa seguinte que se presenta do PSOE.

Alcalde.- Os puntos seis e sete se debaten de forma conxunta e se votan por separado.

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- Como se indica esta moción está aberta a todos os grupos. A sanidade é un dereito constitucional, os dereitos sociais non se poden mercantilizar. A xunta defende a Galicia do rural, non cabe o peche do paridoiro de Verín, exercendo violencia institucional contra as mulleres, poñendo en risco as nais e as súas crianzas só polo feito de ser de Verín. En Ribadavia en sanidade se está defendendo o máis básico. Hai que saber que modelo se quere, non servizos médicos privatizados e de difícil acceso. No anterior pleno se reclamou un correcto servizo de pediatría e do psicólogo; se pedía ao concello que se implicará nesta defensa. A moción se aprobou , e se aprobou a emenda de dar traslado aos demais concellos, que se impliquen todas as Administracións. ¿ Qué actuacións se fixeron polo goberno para defender a nosa sanidade?

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Un pleno máis falando dos recortes do PP de Feijóo , de recortes no rural, da supresión da praza de psicóloga, da supresión do pediatra. Hoxe falamos do paridoiro do hospital de Verín., trasladado a Ourense, a oitenta ou noventa kilómetros. É unha discriminación para as mulleres da comarca de Monterrei. Non había cartos suficientes. O xerente da área Félix Ruibal fixo unha declaración impresentable decindo que de seguir a tendencia habería que trasladar os partos ao Alvaro Cunqueiro. Feijóo dice agora que se hai pediatras se reabrirá o paridoiro de Verín, nas oposicións houbo cento e vinte un aspirantes a nove prazas de pediatra. O Sergas confirmou que o criterio para o paridoiro de Verín era o descenso de partos, Feijóo volve a mentir cando decía que Galicia era o mellor lugar para nacer.

Pido ao goberno do PP que defenda os servizos de Ribadavia, que se repoña o psicólogo, que se faga o novo Centro de saúde, que non quededes impasibles ante os vosos colegas.

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- Imos a apoiar a moción, o tema do psicólogo nos parece fundamental. No tema de Verín a sociedade se manifesta, coas loitas e como se consiguen os dereitos. É un problema de xustiza para as mulleres e as súas crianzas. Pasa en outras provincias, por desgracia.Os afectados se ten que trasladar, hai persoas maiores sen medios de transporte, fai que a xente viva en precario. Pedimos a implicación do equipo de goberno neste tema.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Todo o que sexa defender os dereitos dos veciños estamos a favor, tamén no tema de Verín.

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- Son servizos fundamentais en calquera territorio para asentar poboación.¿ Qué actuacións se fixeron polo goberno para reivindicar a moción aprobada no pleno anterior de cara á Xunta?

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Se trata de saber que fixo o alcalde ante o xerente da EOXI ou o Conselleiro de Sanidade. Se houbo unha resposta ante o xerente do COF.

Alcalde.- Nos estamos a favor duns servizos públicos de calidade. Na outra moción do PSOE se reproba ao presidente da Xunta e ó conselleiro de sanidade, nos non estamos de acordo. Dende o goberno se fixo o que decía a moción, instar á Xunta a través do traslado da moción.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Como non están de acordo con esa moción é que están de acordo coas súas afirmacións.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

Ourense está a sufrir un importante ataque contra os seus servizos públicos máis básicos, con importantes recortes, amputacións e rebaixas que están a suprimir ou a pór en perigo a prestación da atención sanitaria máis básica, en condicións óptimas de calidade, seguridade e igualdade, por culpa de decisións políticas e gremiais que impedirán, a parte da nosa veciñanza, vivir nas mesmas condicións das que desfrutaban o resto de galegos e galegas.

A última decisión do goberno de Alberto Núñez Feijóo, que acordou pechar o paridoiro e o servizo de pediatría de garda do hospital de Verín, condena o futuro das comarcas do sur e do oriente da provincia. Para fixar poboación, unha das principais preocupacións da sociedade actual, é imprescindible manter unha axeitada asistencia sanitaria neste tipo de servizos básicos, xa que non estamos a falar de *luxos asiáticos* ou de especialidades pouco habituais que requiran de recursos concretos e estraños. É un servizo que afecta a todas as familias. Estamos a falar de bebés, de nenos e nenas e de mulleres.

¿Por que se incrementou un 700 % a taxa de traslados de neonatos nados en Verín ata o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), nos meses previos ó peche? ¿Por que un neno accidentado deberá esperar nas urxencias de Verín a que un pediatra chegue desde Ourense ou desde outra provincia para trasladalo, horas despois, ata o CHUO?

¿Por que o goberno de Núñez Feijóo pecha o paridoiro de Verín e o seu servizo de pediatría continuado, cando o informe ministerial no que se basean para ese acordo, tamén determina que ese número mínimo de partos non é aplicable “se hai razóns de tempos de desprazamento ou accesibilidade”, algo evidente neste caso? Desde algúns municipios das comarcas de Viana e Monterrei, os desprazamentos superarán unha hora de traxecto. E, sobre todo, ¿por que o goberno de Núñez Feijóo pecha agora estes servizos cando esa área sanitaria nunca alcanzou nin un terzo dos partos que esgrime a Xunta para a clausura?

¿Por que desde o decreto 168/2010 se foron minguando a calidade e a cantidade dos servizos prestados no hospital do Barco? ¿Por que non se cubren de forma deliberada as prazas de especialistas de rehabilitación, uroloxía, dermatoloxía ou medicina preventiva no centro valdeorrés? ¿Por que se manteñen servizos básicos en precario como pediatría, que só ten un especialista fronte ós tres que tiña antes, ou cirurxía, que contaba con catro especialistas e só quedan dous?

Así mesmo, o Sergas está a aplicar desde hai anos unha política de servizos mínimos continuados nos centros de atención primaria da provincia, onde traballadores e veciñanza padecen faltas de persoal e de servizos. Ribadavia tamén se está a ver afectada por as políticas de recortes de servizos no rural, o Centro de Saúde de Ribadavia, centro de referencia na Comarca do Ribeiro, viuse afectado tamén pola supresión da praza de Psicólogo do Centro de Orientación Familiar (C.O.F) e no servizo de pediatría, a dotación médica, de enfermeiría e doutras especialidades moi necesarias no día a día.

Os problemas que xa sofren os habitantes das comarcas ás que prestan servizo os hospitais de Verín e O Barco, en palabras do propio xerente da área sanitaria integrada, Félix Rubial, tamén afectarán ós servizos na terceira cidade de Galicia, a causa destas decisións políticas de carácter mercantilista. Rubial xa anunciou que pretende converter o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense nunha mera sucursal de baixo custe do Hospital Álvaro Cunqueiro, porque “de seguir a tendencia actual, probablemente nos obrigue nuns anos a ter que derivar partos en situacións complexas ao noso centro de referencia, que é Vigo”.

Estas verbas son inadmisibles en boca dun xestor designado politicamente, que debería defender os servizos públicos de Ourense, e mais nun caso tan sensible como é o da sanidade pública dunha provincia historicamente marxinal polos orzamentos do goberno galego. A Xunta hai anos que decidiu focalizar a meirande parte dos seus recursos nos hospitais das dúas maiores cidades galegas –Vigo e A Coruña– e, ó mesmo tempo, crear un novo hospital de referencia en Santiago de Compostela, un centro que ata hai uns anos era un centro máis da rede galega e no que agora pretenden centralizar case todo.

Ó marxe do atraso nos grandes investimentos, hai anos que o CHUO tamén se está a ver afectado por decisións políticas que recortan e suprimen servizos básicos. Os cativos e as familias da provincia viron recortado ata case a súa desaparición o servizo de cirurxía pediátrica e as urxencias pediátricas. A día de hoxe complexo hospitalario segue sen prestar servizo de hemodinámica as 24 horas os sete días da semana, o que provoca unha maior mortalidade por infarto en comparación con outras cidades e provincias. Incluso Lugo xa ten este servizo de forma continuada. A falta de investimentos en tecnoloxía e novos servizos é unha constante, mentres noutras provincias as melloras son habituais.

Este carrusel de pésimas decisións políticas están a escribir unha crónica negra para Ourense e son unha estocada para o noso presente e o noso futuro, que só se poderá revertir se todos os representantes políticos e forzas públicas se unen contra esta afronta.

Por todo o exposto e ante a gravidade dos feitos, o PSdeG-PSOE presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1º- Instar á Consellería de Sanidade a repoñer de xeito inmediato a praza de Psicólogo do COF, e do mesmo xeito, garantir a reposición da praza que vai a sufrir baixa por xubilación en pediatría, ámbalas dúas do Centro de Saúde de Ribadavia.

2º- Solicitar á Consellería de Sanidade que reabra, manteña e mellore os servizos que se viñan prestando no Hospital Comarcal de Verín, para garantir a calidade asistencial da veciñanza, nomeadamente do servizo de paridoiro.

3º- Solicitar á Consellería de Sanidade que repoña e mellore os servizos que se viñan prestando no Hospital Comarcal de Valdeorras, para garantir a calidade asistencial da veciñanza.

4º- Solicitar á Consellería de Sanidade que dote e mellore ós centros de atención primaria da provincia, dos recursos humanos e materiais que precisan para garantir unha sanidade de calidade no rural de Ourense.

5º- Reprobar ao conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, por ser o responsable directo do peche de paridoiro de Verín, e dos recortes aplicados no hospitais comarcais do Barco de Valdeorras e Verín e no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense; e reprobar ó presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, por refrendar estas decisións.

6º- Instar á Consellería de Sanidade ao cese inmediato de Félix Rubial Bernárdez, xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) por poñer en dúbida a continuade do servizo de partos no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, e polos recortes aplicados en todos os hospitais da provincia.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (4), RBC (3), BNG (1) e votos en contra PP (5), fica aprobada.

8.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Non houbo.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O aparcadoiro do Museo do Viño non é o lugar apropiado para colocar contenedores, que se coloquen noutro sitio.

Que se revisen os parques infantís, os de Ventosela e Santo André están moi mal.

Que se pinten as barandillas de Ventosela.

Solicita algunha árbore para o parque infantil de Ventosela.

Que se leve o nadal aos pobos, ás zonas máis apartadas.

Alcalde.- A carreira pedestre pasa ao día catro. Tomamos nota dos rogos.Vai a haber panxoliñas en todos os pobos.

D Enrique Rodríguez Alejos.- Que se leve a cabo a moción sobre limpeza e coidado dos ríos aprobada no anterior pleno.

Na ponte da Veronza, os nenos xogan enriba, que se poña unha valla por motivos de seguridade.

Que se poden as árbores na Veronza vella.

Dado que o campo de fútbol está a piques de ser entregado ,era o momento de analizar os posibles fallos.

Se hai unha prórroga para a obra de Sanín, como está a obra das banquetas, e a das beirarrúas de Francelos.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Os acordos das mocións hai que cumprilos, non basta con instar. Non vale acabar os debates coa votación. O alcalde se debe a todos nos. Ten que chegar a acordos , senón lle albisco pouco futuro. Se lle pedía que dera traslado da preocupación, que se faga forza para que se nos faga caso. Traer as mocións leva un traballo.

Reclamamos a reunión con Unión Fenosa e representantes dos grupos par ver que pasa coas beirarrúas e o transformador de Francelos. É buscar unha solución.

Reiteramos a petición de reunión da Comisión do Polígono.

Preguntar cal é a situación censal respecto á cifra de cinco mil habitantes, vexo que se está censando xente, algunha coñecida e outra non.

Hai acordos da xunta de goberno tomando coñecemento de peticións, nos gustaría saber se logo se levan a cabo.

Preguntar se o goberno vai a traer os orzamentos.

Alcalde.- Respecto ós orzamentos non queremos traer papel mollado, sen acordar, sen consensuar, de forma unilateral. Queremos máis reunións para intentar chegar a un acordo, que sexan consensuados, de todos os grupos.

Respecto ao censo estamos no entorno dos cinco mil, no que nos levamos movendo anos. Hai que incentivar á xente que se cense. A situación é similar á dos últimos anos, complexa.

Sobre as obras, na de Sanín houbo problemas coa climatoloxía, a de banquetas o inicio vai a ser inmediato, houbo unha certificación por acopio de materiais;nas beirarrúas de Francelos todos estamos interesados, como o que máis o goberno, a xente o demanda.

A obra do saneamento en O Castro houbo que facer varias paradas pola climatoloxía.

A obra de remodelación do CRA Amencer consiste na reposición do chan e a apertura dunha porta de emerxencia. Se espera rematar antes do inicio do curso. A reforma do CRA Amencer é unha actuación da que nos sentimos orgullosos.

Dª Cristina Otero Alonso (PSOE).- Rogo reiterado parque infantil en A Franqueirán.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Non nos convencen as explicacións sobre os orzamentos. Nos parece moi mal a afirmación da concelleira de Facenda de resolver en seis meses o que non se fixo en dezaseis anos.Nos anos que estivemos gobernando foi co respaldo dos veciños e se fixeron

moitas cousas. Houbo emerxencias moi importantes. O orzamento é unha cuestión fundamental , nos aprobamos dezaseis. Hai que traelos, é o proxecto político que hai que defender, o contrario é aferrarse á cadeira. En xulio o alcalde presumía de aprobar o orzamento. Lle quedaron obras do anterior goberno. Rogamos que traia os orzamentos.

Non pode contestar no tema da sanidade que remitiu a moción á Xunta. Cando se intentou eliminar unha enfermeira se recolleron tres mil firmas. Nos pedimos que se manteña o COF , cando hai un agravio á comarca ten que dar un puñetazo na mesa. Rogamos que faga as xestións oportunas. ¿ Fíxo algunha xestión respecto ó asilo con outras administracións? Non hai nada orzamentado.

¿ Hai algo tanxible respecto ao Parque Empresarial? O PSOE fixo a primeira e segunda fase e as encheu.

Tiñan un compromiso cos veciños sobre as beirarrúas de San Cristovo, é lamentable o estado das beirarrúas e da estrada.

A mín me remitiron tres convenios de Ribanadal, non hai nada novo. Preguntar se a megafonía vai a funcionar ou non.

Alcalde.- Tomamos nota dos rogos e do parque infantil de A Franqueirán. A megafonía se puxo esta tarde. Nos convenios de Ribanadal, hai polo menos dous máis. Os mesmos que o ano pasado.

Respecto ao asilo toda a información se dará nas reunións do patronato como facía vostede.

O parque empresarial é importante para todos, hai unha comisión específica , están pedidos informes. Quero explicar todas as cuestións con claridade e presentar documentación. Se tentará executar a terceira fase.

Nas beirarrúas de San Cristovo , houbo unha reunión coa conselleira de infraestruturas , se le levou un proxecto do concello do ano 2007. Hai un protocolo asinado coa Confederación Hidrográfica, o presidente da mesma dixo que mantíña o protocolo, o que lle honra. Se pediu unha actuación inmediata. Están refacendo o proxecto para actualizar os prezos dos materiais, para ter un custe actual. A intención é que lle custe o menos posible o concello, cun convenio a tres ou catro partes. D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- O traballo de recalcular se fai en mes ou mes e medio. O convenio foi a excusa que lle deron.

Preguntar que se fixo no tema de sanidade.

Alcalde.- Despois do pleno se deu traslado da moción, tive unha conversa co xerente da área, se trasladou o malestar pola posible perda do pediatra, e dixo que se ía a analizar a situación. Creo e confío en que se recupere a praza de psicólogo, hai que dar un marxe inicial de confianza.

E sendo as dez horas e vinte e catro minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión agradecendo a todos o seu traballo do que como secretario extendo a presente acta.